



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN



CELEBRADO ENTRE O AGRUPAMENTO DE COOPERACIÓN TERRITORIAL DO RIO MINHO (AECT RIO MINHO) E OS MUNICIPIOS/CONCELLOS QUE CONFORMAN A EUROCIDADE CERVEIRA – TOMIÑO PARA A MELLORA DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL E A EFICIENCIA DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA A TRAVÉS DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA, NO MARCO DO PROXECTO REDE LAB MINHO, COFINANCIADO NUN 75 % CO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) A TRAVÉS DO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA ESPAÑA PORTUGAL (POCTEP) 2014-2020 INTERREG-VA (2.ª CONVOCATORIA).

REUNIDOS

D. **Rui Pedro Teixeira Ferreira da Silva**, na súa condición de **Director** do **Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Río Minho** [en adiante **AECT RIO MINHO**], contribuínte núm. 514 724 790 e con domicilio social na avenida Miguel Dantas, 69; 4930-678 Valença (Portugal), actuando en función das facultades representativas que lle atribúen a Cláusula 10ª do Convenio do **AECT RIO MINHO**.


Dna. **Carla Isabel Martins Segadães**, na súa condición de **Vice-Presidenta** da **Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira**, contribuínte nº **506.896.625**, e domicilio social na Praça do Município; 4920-284 Vila Nova de Cerveira (Portugal).


D.ª **Sandra González Álvarez**, na súa condición de **Alcaldesa** do **Concello de Tomiño**, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

EXPOÑEN

Que as partes interveñen en uso das facultades que por razón dos seus cargos lles están atribuídas e coas seguintes consideracións:

- Que o **AECT RIO MINHO** foi constituído ao amparo do Regulamento (CE) núm. 1082/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, modificado polo Regulamento núm. 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, a través da escritura pública celebrada a 24 de febreiro de 2018, tendo este acto sido publicado na 2ª Serie do Diáριο da República Portuguesa (8 de marzo de 2018), rexistrado no Comité das Rexións Europeo e publicado no Jornal da Unión Europea a 20 de abril de 2018.
- Que o **AECT RIO MINHO** é un instrumento de cooperación –con personalidade xurídica propia– integrada pola **Comunidade Intermunicipal do Alto Minho [CIM ALTO MINHO]** e a **Deputación Provincial de Pontevedra [DEPO]** que ten por obxectivo lograr a máxima cohesión económica e social da rexión transfronteiriza do val do río Miño a través da posta en marcha de programas, proxectos e accións comúns entre os territorios galego e portugués.
- Que a **Cámara Municipal de VN Cerveira**, a través da CIM ALTO MINHO, e o **Concello de Tomiño**, a través da DEPO, forman parte do AECT RIO MINHO.
- Que a **Cámara Municipal de VN Cerveira** e o **Concello de Tomiño** pretenden continuar afondando na relación transfronteiriza a través da **Eurocidade Cerveira – Tomiño**.
- O AECT RIO MIÑO impulsa o proxecto “Rede de apoio ás dinámicas locais de cooperación do río Minho transfronteirizo”, con código “**0493_REDE LAB MINHO_1_P**”, aprobado na segunda convocatoria do Programa Operativo España-Portugal (POCTEP) 2014-2020 INTERREG V-A, como beneficiario único. Este proxecto obtivo un cofinanciamento do 75 % de fondos FEDER co que desexa constituír unha rede de cooperación e observación das dinámicas transfronteirizas. Coas actuacións deste proxecto preténdese mellorar a capacidade institucional e a eficiencia da Administración pública a través da cooperación transfronteiriza e consolidar o AECT RIO MINHO en termos de crear novas sinerxías transfronterizas; ademais de aproximar


institucionalmente os modelos de gobernanza dos bens públicos á cidadanía para chegar á integración na xestión conxunta de actividades e iniciativas de impacto transfronteirizo.


Tendo en conta a acción que está a desenvolver o AECT RIO MINHO, contribuíndo ao estreitamento das relacións no territorio do río Miño transfronteirizo no ámbito da economía e das administracións públicas, ante a necesidade a escala local de afondar nos lazos de cooperación transfronteiriza entre concellos situados aos dous lados da fronteira, as partes asinantes acordan establecer o seguinte **Protocolo de Colaboración** cos seguintes:

COMPROMISOS

Primeiro.- O AECT RIO MINHO executará as seguintes accións sinaladas no proxecto REDE_LAB_MINHO:

- Creación dun **Observatorio de Dinámicas Transfronteirizas [ODT]** para mellorar o coñecemento da realidade social e económica do territorio.
- Definición e execución dun **programa integrado de capacitación** das estruturas locais de cooperación bilateral transfronteiriza.
- Realización de **encontros técnicos e sesións de participación cidadá** para debater e analizar temáticas prioritarias para reducir custos de contexto transfronteirizo.
- Colaboración coa **Eurocidade Cerveira – Tomiño** no proceso de **elaboración da súa Axenda Urbana** achegando apoio técnico e asesoramento tanto no deseño coma na xestión de proxectos transfronteirizos.

Segundo.- A **Cámara Municipal de VN Cerveira** e o **Concello de Tomiño** comprométese a colaborar na implementación das accións que vai levar a cabo o AECT RIO MINHO incluídas no proxecto REDE_LAB_MINHO e:

- Facilitar a información municipal para o ODT.
- Poñer a disposición do **programa de Capacitación** o persoal técnico municipal que vaia integrar a parcería da Axenda Urbana da Eurocidade.


- Aprobar e desenvolver a **Axenda Urbana da Eurocidade**.
- Participar na convocatoria dos **encontros técnicos e sesións de participación cidadá**.

Terceira.- O presente Protocolo e asinado na súa versión galega e portuguesa, que comprenden ambas catro (4) páxinas, visadas tres orixinais polos outorgantes, a excepción da última, que contén as súas sinaturas.

Cuarta.- Este protocolo terá vixencia ata o 5 de abril de 2021, podéndose renovar por acordo tácito entre as partes por un período de 180 días naturais.

As tres partes tamén poderán denunciar o presente Protocolo se non se cumpre algunha das cláusulas especificadas.


Eurocidade Cerveira-Tomiño, 17p de decembro de 2021



O DIRECTOR DO AECT RIO MINHO



A VICE-PRESIDENTA DA CM DE VILA
NOVA DE CERVEIRA



A ALCALDESA DO CONCELLO DE
TOMIÑO